



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA TRES DE MARZO DE DOUS MIL VINTE E DOUS.

Expediente: 2022/G010/000004

Valdoviño, 3 de marzo de 2022.

Hora: 20:00

Lugar: Edificio Casa da Cultura

Primeira convocatoria

Celebración sesión ordinaria, para a que se reúnen baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, don Alberto González Fernández, os/as concelleiros/as:

PsdeG- PSOE:

Rosa Ana García López

Sergio Saavedra Gutiérrez

Benito Manuel Vega Fernández

Alejandro Antonio García Sousa (PSOE)

Germán Gómez Senra

Ana Belén Pérez Fernández

M^o Pilar Caamaño Vilela

PP:

Javier Bouzamayor Casas

Kristel Testa Ameneiros

CENVAL:

Dolores Bernardina Veiga Doce

Non asisten por causas xustificadas: dona Jessica Sabín Fernández do PSdeG-PSOE e don Carlos Alberto Ameneiros Serantes do BNG.

Asistidos da secretaria municipal Carlota González Navarro. A celebración da sesión ten lugar no edificio da Casa Cultura por razóns de Covid-19 i en especial para salvagardar as medidas de seguridade en canto a distancia.

Abre a sesión o Presidente dado que existe quorum, para entrar no debate e votación dos seguintes puntos:

I) PARTE DISPOSITIVA

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN DE 08.02.22 (EXTRAORDINARIA).

Por votación ordinaria e unanimidade dos presentes, o borrador da acta mencionada queda aprobada.

2º.- APROBACIÓN INICIAL DE EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO MEDIANTE SUPLEMENTO DE CRÉDITO NÚM. 2/2022 MC SC FINANCIADO CON REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS DE LIBRE DISPOSICIÓN.-

PROPOSTA DA ALCALDÍA, ditaminada favorable en comisión informativa de planificación territorial e xestión administrativa de 3.03.22:

“De conformidade co disposto no artigo 177 do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais, do art. 35 do RD 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI do devandito Texto Refundido, visto que como resultado da aprobación da liquidación do orzamento correspondente ao exercicio 2020 verifícase a existencia de Remanente de Tesoureira para Gastos Xerais (en adiante RTGX), parte de libre disposición e outra parte que pode ser destinado aos usos que permite a Lei orgánica de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, tras a prórroga mediante Real Decreto Lei 10/2019 de 29 de marzo, que finalmente foi convalidado no Congreso, da posibilidade de destinar o superávit orzamentario ao financiamento de inversións sustentables. Da dicción literal do mesmo despréndese:

“1. Cuando haya de realizarse algún gasto que no pueda demorarse hasta el ejercicio siguiente, y no exista en el presupuesto de la corporación crédito o sea insuficiente o no ampliable el consignado, el presidente de la corporación ordenará la incoación del expediente de concesión de crédito extraordinario, en el primer caso, o de suplemento de crédito, en el segundo.

2. El expediente, que habrá de ser previamente informado por la Intervención, se someterá a la aprobación del Pleno de la corporación, con sujeción a los mismos trámites y requisitos que los presupuestos. Serán asimismo, de aplicación, las normas sobre información, reclamación y publicidad de los presupuestos a que se refiere el artículo 169 de esta ley.” e en virtude do artigo 35 do Real Decreto 500/90 de 20 de abril: “Los créditos extraordinarios son aquellas modificaciones del Presupuesto de gastos mediante los que se asigna crédito para la realización de un gasto específico y determinado que no puede demorarse hasta el ejercicio siguiente y para el que no existe crédito. (Artículo 158.1, LRHL).

Los suplementos de créditos son aquellas modificaciones del Presupuesto de gastos en los que concurriendo las mismas circunstancias anteriores en relación con el gasto a realizar, el crédito previsto resulta insuficiente y no puede ser objeto de ampliación. (Artículo 158.1, LRHL).”

Ademais tendo en conta o artigo 3 do Real Decreto-ley 8/2020, de 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para hacer frente ao impacto económico e social do COVID-19: “Destino del superávit de las entidades locales correspondiente a 2019 y aplicación en 2020 de la disposición adicional decimosexta del texto refundido de la Ley reguladora de las Haciendas Locales.

1. El superávit presupuestario de las entidades locales correspondiente al año 2019 se podrá destinar para financiar gastos de inversión incluidos en la política de gasto 23, «Servicios Sociales y promoción social», recogida en el anexo I de la Orden EHA/3565/2008, de 3 de diciembre, por la que se aprueba la estructura de los presupuestos de las Entidades Locales, previa aplicación de las reglas contenidas en la disposición adicional sexta de la Ley Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidad Presupuestaria y Sostenibilidad Financiera. Asimismo, dentro de aquella política de gasto, se considerarán, con carácter excepcional ya lo exclusivos efectos de este artículo, incluidas las prestaciones señaladas en el punto 2 del artículo 1 de este Real Decreto-ley.

Asimismo, será de aplicación el régimen de autorización recogido en el último párrafo del apartado 1 de la disposición adicional decimosexta del texto refundido de la Ley reguladora de Haciendas Locales, aprobado por real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo.”

PROPONSE:

Primeiro.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito mediante suplemento de crédito co núm de expediente 2/2022 MC SC

➤ Aprobación do suplemento de crédito nas aplicacións orzamentarias de investimento que se sinalan de seguido, por importe total de 41.845,11 €

➤

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	CONCEPTO	IMPORTE A DOTAR
161.60000	Abastecimiento y distribución de agua. Inversión nueva en infraestructuras, inversiones en terrenos.	7053,82 €
341.62500	Deportes. Mobiliario.	1269,29 €
920.62600	Administración xeral. Equipos para proceso de información	417,45 €
933.62300	Xestión do patrimonio. Maquinaria e instalación técnicas	1688,56 €
1722.60900	Protección e mellora do medio ambiente. Outras inversións novas en infraestructuras	31415,99 €
TOTAL		41.845,11 €

Aprobación de modificación de crédito en aplicacións de gasto corrente por importe total de 232.359,22 euros nas aplicacións orzamentarias que se detallan a continuación:

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	CONCEPTO	IMPORTE A DOTAR
132.21300	Seguridade e orde público. Maquinaria, instalacións técnicas e utillaxe.	200,86
151.22602	Urbanismo. Publicidade e propaganda.	324,28
151.22706	Urbanismo. Estudos e traballos técnicos.	12281,50
151.22799	Urbanismo. Outros traballos realizados por outras empresas e profesionais	1680,68
161.22501	Abastecemento e distribución de auga. Tributos das comunidades autónomas	456,77
165.22706	Alumeado público. Estudos e traballos técnicos	9307,32
231.22699	Acción social. Outros traballos realizados	291,19
231.22799	Acción social. Traballos realizados por empresas e profesionais.	80509,17
231.48000	Acción social. Transferencias correntes a familias e institucións sen fins de lucro	2128,91
312.22799	Centros de saúde. Outros traballos realizados por empresas e profesionais.	12438,20
326.21300	Servizos complementarios de educación. Maquinaria, instalacións técnicas e utillaxe.	244,65
334.22001	Promoción cultural. Prensa, revistas e libros.	132,04
334.22602	Promoción cultural. Publicidade e propaganda.	1144,66
334.22799	Promoción cultural. Outros traballos realizados por empresas e profesionais.	10119,28

341.22799	Promoción e fomento do deporte. Outros traballos realizados por empresas e profesionais.	2043,93
432.22602	Ordenación e promoción turística. Publicidade e propaganda.	1427,80
432.22799	Ordenación e promoción turística. Outros traballos realizados por empresas e profesionais.	2776,95
453.21000	Estradas. Infraestruturas e bens naturais.	5999,41
453.21300	Estradas. Maquinaria, instalacións técnicas e utillaxe.	2795,23
453.21500	Estradas. Mobiliario.	55,77
453.22103	Estradas. Combustibles e carburantes	2359,97
912.22601	Órganos de goberno. Atencións protocolarias e representativas	938,80
920.22000	Administración xeral. Ordinario non inventariable.	1411,12
920.22001	Administración xeral. Prensa, revistas e libros.	94,85
920.22002	Administración xeral. Material informático non inventariable	1047,12
920.22101	Administración xeral. Auga.	7,68
920.22200	Administración xeral. Servizos de telecomunicacións.	7638,15
920.22602	Administración xeral. Publicidade e propaganda	208,12
920.22699	Administración xeral. Outros gastos diversos.	121,97
920.22799	Administración xeral. Outros traballos realizados por empresas e profesionais.	3025,00
931.22706	Política económica e fiscal. Estudos e traballos técnicos.	217,80
933.20200	Política económica e fiscal.	484,00

	Arrendamento de edificios e outras construcións	
933.21300	Política económica e fiscal. Maquinaria, instalacións técnicas e utillaxe.	5738,01
933.22100	Política económica e fiscal. Enerxía eléctrica	700,63
933.22103	Política económica e fiscal. Combustibles e carburantes	716,32
933.22700	Política económica e fiscal. Limpeza e aseo	13935,76
933.22799	Política económica e fiscal. Outros traballos realizados por empresas e profesionais	217,80
1532.21300	Vías públicas. Maquinaria, instalacións técnicas e utillaxe.	1530,32
1532.22103	Vías públicas. Combustibles e carburantes.	77,34
1621.22799	Recollida, eliminación e tratamento de residuos. Outros traballos realizados por empresas e profesionais.	41111,41
1722.21300	Protección e mellora do medio ambiente. Maquinaria, instalacións técnicas e utillaxe.	7092,40
1722.22799	Protección e mellora do medio ambiente. Outros traballos realizados por empresas e profesionais.	582,05
TOTAL		235.615,22 €

➤ Financiamento procedente de RTGX

870 00 Remanente de Tesoureiría para Gastos Xerais	277.460,33 €
Total	277.460,33

Segundo.- Expoñer ao público dito expediente durante 15 días mediante a publicación de anuncios no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro municipal de edictos.

Terceiro.- Aprobar, con carácter definitivo, o referido expediente se contra o mesmo non se presentasen reclamacións durante o prazo de exposición pública.

Cuarto.- Publicar, unha vez aprobada a modificación, un resumo a nivel de capítulos no taboleiro municipal de edictos e no Boletín Oficial da Provincia.

Quinto.- Simultaneamente ao envío do anuncio a publicar anterior, remitir copia do expediente á Comunidade Autónoma e Administración Estatal. Ratificar a variación do anexo de investimentos correspondente aos créditos prorrogados e os que se introducen coas modificacións orzamentarias .

Valdoviño, na data da sinatura electrónica
O Alcalde, Alberto González Fernández (asdo. dixitalmente)”.
O Pleno a Corporación, en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes á sesión (11 votos dos 13 totais), acordou a aprobación da anterior proposta de Alcaldía.

3º.- APROBACIÓN DE GASTOS. RELACIÓN DE FACTURAS REC 1/2022 E F/2022/3.-

PROPOSTA DA ALCALDÍA, ditaminada favorable en comisión informativa de planificación territorial e xestión administrativa de 3.03.22:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA:

“Vistas as facturas presentadas no exercicio 2021 e que quedaron pendentes a aprobación por falta de crédito adecuado e suficiente ou porque foron presentadas nos últimos días do ano polo que resultou materialmente imposible proceder á súa tramitación.

Vistas as facturas presentadas no exercicio 2022 correspondentes á prestación de obras, servizos ou subministros prestados no ano 2021.

Elaboráronse as seguintes relacións de facturas que figuran cos números REC 1/2022 conformada polas facturas que tiveron entrada no ano 2021 e F/2022/3 polas facturas presentadas no exercicio 2022 e que se remitiron pola Intervención Municipal. A contía total de ambas relacións de 162 facturas ascende á cantidade de DOUSCENTOS SETENTA E SETE MIL CATROCENTOS SESENTA EUROS CON TRINTA E TRES CÉNTIMOS (277.460,33 €).

Tendo en conta que o Concello, logo da aprobación definitiva do expediente de modificación de créditos nº2/2022 contaría co crédito necesario para recoñecer estas obrigas, preténdese o recoñecemento das mesmas, para a súa imputación orzamentaria e inmediato pagamento, **CONDICIONADO** á entrada en vigor da Modificación de crédito 2/2022, circunstancia que se produciría trala súa aprobación definitiva.

Visto o informe de reparo suspensivo con referencia desf. 5/2022 emitido pola intervención municipal en relación á aprobación e pago das facturas incluídas nas citadas relacións.

A Alcaldía, de acordo coas competencias que se atribúen á Alcaldía polo artigo 21, apartado 1.f) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na súa redacción dada polas Leis 11/99 e 57/03, así como o artigo 60.2 do Real Decreto 500/1990, **PROPÓN** ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- O levantamento do reparo interposto pola Intervención Municipal ao expediente de recoñecemento extraxudicial 1/2022 no seu informe con referencia Desf.5/2022.

SEGUNDO.- Aprobar as relacións de facturas sinaladas, REC 1/2022 e F/2022/3, condicionado á entrada en vigor da modificación de crédito nº 2/2022 de suplemento de crédito financiado con remanente líquido de tesourería para gastos xerais, así como **AUTORIZAR** o correspondente pagamento por importe bruto de 277.460,33 euros, a prol dos acredores e nas contías individualizadas.

TERCEIRO.- Dar traslado do presente acordo aos Departamentos de Secretaría, Intervención e Tesourería do Concello.

En Valdoviño, na data da sinatura electrónica

O alcalde,

D. Alberto González Fernández (*Asdo. dixitalmente*)”.

O Pleno a Corporación, en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes á sesión (11 votos dos 13 totais), acordou a aprobación da anterior proposta de Alcaldía.

II) PARTE DE ACTIVIDADE DO PLENO

4º.- DAR CONTA DE DECRETOS DA ALCALDÍA EMITIDOS NO MES DE XANEIRO 2022

Dáse conta ao Pleno, en virtude do artigo 42 do R.D. legislativo 2568/86 do 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, dos decretos ditados no mes de xaneiro de 2022, que comprenden do número 1 ao 27 aos efectos de control e fiscalización dos órganos de goberno local, conforme ao previsto na Lei Reguladora das Bases de Réxime Local.

A documentación relativa a este asunto comprensiva de listado numerado e extracto do asunto entregouse e estivo a disposición dos/as concelleiros/as con anterioridade á sesión plenaria.

Os/as concelleiros/as tomaron coñecemento das resolucións da Alcaldía

.- LECTURA DA DECLARACIÓN INSTITUCIONAL POLO 8 DE MARZO, DÍA INTERNACIONAL DA MULLER.-

Dáse lectura do seguinte texto que fan seu todos os grupos municipais de Valdoviño:

“TEXTO INSTITUCIONAL POLO 8 DE MARZO, DIA INTERNACIONAL DA MULLER

“En 1975, a Organización das Nacións Unidas convidou aos seus países membros a declarar o 8 de marzo como Día Internacional da Muller para ter presente que a loita polos dereitos humanos é tamén a loita pola igualdade entre mulleres e homes”. (Declaración institucional do Congreso 2009).

Un ano máis celebramos o 8 de marzo. Nesta data conmemoramos a loita por unha participación activa e visible das mulleres na sociedade, do mesmo xeito que toca seguir a reivindicar unha igualdade de oportunidades para mulleres e homes que sexa efectiva e real, como pilar básico dunha sociedade democrática.

No Concello de Valdoviño procúrase a transversalidade de xénero en todas as áreas que ocupa a administración local. Así desde o ámbito político, institucional e técnico seguen a planificarse actuacións que teñen como obxectivo o impacto comunitario para a igualdade, corrixindo aspectos do quefacer municipal e estudando tamén a realidade de Valdoviño e as situacións de desigualdade que poida existir, no marco estrutural ou social.

Durante este ano, desde o programa municipal “Somose e Contamos” seguíronse a planificar proxectos e actuacións que persiguen diferentes obxectivos. Desde os servizos de conciliación da vida familiar e laboral, procúrase unha intervención pedagóxica que garanta uns espazos igualitarios, eliminando calquera estereotipo de xénero que poida sesgar a liberdade de ser dos nenos ou das nenas.

Asimesmo, desde o Concello realízanse durante o ano actividades de sensibilización que reforzan a importante idea de que a sociedade é quen ten a vontade e a capacidade de mudar aquelas realidades baseadas en tratos de desigualdade ou violencia. Por iso é importante que a sociedade entenda que a invisibilidade das mulleres dun xeito permanente ao longo da Historia non é casual, senón que foi funcional para esas sociedades. Exactamente iso non é o que queremos agora. E para iso traballamos.

Queremos nenas e nenos que poidan medrar sendo e decidindo, sen o peso dunha carga herdada que limita o desenvolvemento persoal e social. Queremos soltar esa carga histórica e construír unha normalidade igualitaria e xusta que faga do mundo, e do noso Concello, un lugar mellor.

Cada 8 de Marzo, Valdoviño segue na loita polos dereitos sociais”.

5º.- ROGOS E PREGUNTAS

INTERVENCIÓN GRUPO MUNICIPAL CENVAL.- DONA. DOLORES BERNARDINA VEIGA DOCE

*.- Imos facer unha declaración en contra da guerra?

Responde o Sr. Alcalde: O podemos facer. É boa idea.

*.- E mandar axuda?

Responde o concelleiro don Benito Manuel Vega Fernández do PSODEG: A farmacia enviará medicamentos.

Responde a concelleira dona Ana Belén Pérez Fernández do PSODEG: A axuda ten que ser efectiva. Na ONG dinme que o que necesitan realmente son chalecos e medios para defenderse. É mellor facelo a través da Cruz Roja Internacional.

Responde o Sr. Alcalde: Póñoime en contacto coa Secretaría de Estado para poder canalizalo.

INTERVENCIÓN GRUPO MUNICIPAL PP – DON JAVIER BOUZAMAYOR CASAS

*.- E acoller nenos?

Responde o Sr. Alcalde: Hai que canalizalo tamén a través do Goberno, é moi complexo.

INTERVENCIÓN GRUPO MUNICIPAL PP – DON JAVIER BOUZAMAYOR CASAS

*.- Sería bo un grupo de whatsapp para informar sobre subvencións, eu o agradecería.

Responde o Sr. Alcalde: Intentamos facelo

*.- Debería colocarse un cartel na Ladeira, na baixada á praia.

Responde o Sr. Alcalde: Alí había un cartel. O miramos.

Sen máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde- Presidente, da por rematada e levanta a sesión sendo as vinte e unha horas e dez minutos, do que como Secretaria, estendo a presente Acta e CERTIFICO.

*/DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE POLA SECRETARIA MUNICIPAL E
POLO SR. ALCALDE./*